

O comité organizador da reunión anual da Sociedad Nuclear Española, que se celebrará en Santiago o próximo outubro, reuniuse hoxe coa Cámara de Comercio de Santiago

Presentaron as liñas de traballo da sociedade e propuxeron unha posible colaboración coa entidade cameral

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2010.- A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela mantivo esta tarde un encontro institucional co comité organizador da 36ª Reunión Anual da Sociedad Nuclear Española (SNE). Na reunión estiveron presentes o presidente Cámara de Comercio de Santiago, **Jesús Asorey**, a secretaria xeral da Cámara, **Filomena Casal**; o presidente do comité organizador, **Pedro Ortega**; o director técnico do Foro de la Industria Nuclear Española, **Antonio González**; ademais do secretario xeral da SNE, **José Luis Elviro**.

Na visita, os membros do comité presentaron as liñas de traballo da SNE, ademais de propoñer unha posible colaboración coa Cámara de Comercio para a cita do mes de outubro. Neste mes (6-8 de outubro) celebrarase a 36ª Reunión Anual da SNE no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Santiago). Este congreso, de carácter estatal e internacional, contará coa participación de máis de 500 expertos, profesionais, investigadores, profesores e autoridades relacionados coa enerxía nuclear. Os seus asistentes, tanto españois como internacionais –chegados de Francia, Inglaterra, Alemaña, Italia, EEUU, China e Xapón– serán fundamentalmente científicos, enxeñeiros, técnicos, médicos, avogados, economistas, autoridades das administracións central, autonómica e local, altos directivos e xornalistas especializados.

A Reunión Anual terá unha duración de tres días, de mércores a venres, que se prolongará ata o sábado con actividades culturais e deportivas. O eixo central da reunión é un intenso programa técnico, complementado coa participación colectiva dos asistentes en actos sociais e culturais en lugares emblemáticos da cidade. O programa técnico consta dunha sesión inaugural e unha de clausura. Dentro do programa incluíranse dúas sesións plenarias e varias monográficas, dedicadas a temas enerxéticos ou con influencia no campo enerxético da máxima actualidade e relevancia. Este ano, as sesións plenarias versarán sobre o “Almacén Temporal Centralizado (ATC)” e sobre “Enerxía e vehículo eléctrico”. O núcleo do programa son as sesións técnicas e cursos sobre materias específicas. O número de relatorios técnicos variará entre 250 e 300.

Orixes da sociedade

A SNE constituíuse en 1974 como unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública en 1996. Agrupa aos profesionais do sector nuclear e un dos seus obxectivos fundamentais é a divulgación e o avance da ciencia e tecnoloxía nuclear. A SNE conta na actualidade con máis de 1.000 socios individuais e colectivos. É socio fundador da Sociedad Nuclear Europea (ENS) e mantén acordos de cooperación coa Sociedad Nuclear Americana (ANS).

www.camaracompostela.com